



ACTA DO TRIBUNAL PARA O PROCESO DE PRESELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/ DUNHA ORIENTADOR/A LABORAL (A2) Ó ABEIRO DA ORDE DO 17 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TECNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2020.

En Monforte de Lemos, sendo as 12:00 do día 21 de outubro reúnese na casa consistorial o Tribunal cualificador.

Preside a sesión D. José Antonio Mourelle Cillero; como Vogais asisten dona María Inmaculada Buján Arias dona Patricia Payo Moure e don Juan Carlos Prado Díaz e coma secretaria do tribunal dona Elisa Martínez Arias.

Primeiro.- Dáse conta ó tribunal das reclamacións ó baremo recibidas, concretamente as presentadas polos aspirantes:

DON CARLOS ARIAS GONZALEZ
DON AGUSTIN BAYO RODRIGUEZ
DONA SUSANA CARREIRA IGLESIAS
DONA ANGELA GARCIA CIVEIRA
DONA MARIA ELENA SANTIN GOMEZ

Procedendo á continuación o tribunal ó seu estudio e resolución.

En canto á reclamación de don CARLOS ARIAS GONZALEZ, de data 13/10/2020 e RE 20969, o aspirante alega que non se lle valorou o título de iniciación e perfeccionamento do idioma Galego. Revisada a súa solicitude o tribunal comproba que efectivamente presentou dito título, equivalente ó CELGA 4 e que non lle foi valorado , acordando proceder a valoralo e incrementara a súa puntuación total nun 0'25 polo tanto, acadando este aspirante o 9'10.

Pasando a reclamación de don AGUSTIN BAYO RODRIGUEZ, quen solicita que se se lle valore experiencia e coñecementos TICS.

Para resolver esta e outras alegacións/ reclamacións relacionadas co tema debemos nun primeiro momento examinar o tenor literal das bases que rexen o proceso selectivo, que establecen:

“Ámbito das TIC (máximo 2 puntos)


Os coñecementos acreditaranse mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.

A experiencia deberá acreditarse a través do contrato de traballo en que se acredite o desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...)

No caso de traballadores autónomos: alta IAE actualizada e facturas en que conste a prestación destes servizos.

Cando o órgano xestor o considere necesario, poderá solicitar adicionalmente a presentación dos enlaces que permitan o acceso ás publicacións realizadas ou outro tipo de acreditación da experiencia alegada.

Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe).



Pola titulación universitaria en enxeñaría informática, 1 punto

Pola titulación oficial de técnico/a superior relacionada coa familia informática e comunicacións.

0,50 punto

Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...) (máximo 0,6 puntos nesta epígrafe).

Experiencia (máximo 1,5 puntos nesta epígrafe).

Experiencia acreditable na publicación ou xestión de espazos web ou perfís en redes sociais relacionados con información, orientación e busca de emprego 0,25 puntos por cada seis meses con actividade acreditable."

Entende don Agustín que cando traballou como orientador laboral na oficina de emprego de o Carballiño ten acreditada experiencia tics, criterio que non pode compartir este tribunal, posto que a documentación presentada polo aspirante para acreditar que traballou como orientador laboral na oficina de emprego de o Carballiño (toma de posesión e certificado) **non acredita o desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...)** como esixen as bases.

Solicita tamén don Agustín que se lle considere que dentro do posgrao de especialista en orientación laboral, da universidade de A Coruña, se abordou o ámbito das tics, no apartado "Marco Instrumental da orientación Laboral". Dita pretensión tampouco pode ser acollida, pois o aspirante aporta o título do posgrao no que pola traseira figuran os módulos cursados , pero non aporta certificación académica do contido que poida a acreditar os coñecementos tics alegados.

O mesmo ocorre co curso da "EGAP FORMACION EN ORIENTACION LABORAL".

Tamén pretende o aspirante que se lle recoñeza experiencia TICS por publicacións en LINKEDIN, pretensión que debe desestimarse pois tampouco se axusta ó esixido nas bases , pois non aporta "contrato de traballo en que se acredite o desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...)

No caso de traballadores autónomos: alta IAE actualizada e facturas en que conste a prestación destes servizos. "

Polos motivos expostos procede desestimar na súa totalidade as alegacións presentadas por don AGUSTIN BAYO RODRIGUEZ e manter a súa puntuación.

Continua o tribunal pasando ó estudo e resolución da alegación/reclamación de DONA ANGELA GARCIA CIVEIRA.

A aspirantes solicita se lle valoren 75 meses, en total, de experiencia TIC.

Desgranando a súa solicitude do seguinte modo:

"Como orientadora laboral no Concello de Monforte de Lemas, xestión de tres aplicativos do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG):

Sicas: 10 meses

Orientación: 10 meses

Track+: 10 meses.

Como orientadora laboral no Centro de Iniciativas Profesionais S.l., xestión de dous espazos web:

Aplicativo MBA/SEPE (EFC): 4 meses,

SISPE (Sistema Nacional de Empleo): 4 meses.

Como orientadora laboral da Fundación CIP, xestión do espazo web Participa 1420: 1mes.

Como axente de emprego (AEDL) do Concello de Pit'lor, achego o certificado do uso durante 3 anos, da primeira versión do sistema electrónico da rede de técnicos de emprego: XATEmprego <https://es.xatemprego.gal/infolla-red-xatemprego>"

As alegacions non poden ser acollidas, posto que a utilización dos aplicativos informático inherentes ó servizo de orientación prestado no concello de Monforte non se axustan ó esixido polas bases , pois non supoñen o **desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...)**

En canto a xestión de espazos web que di ter realizado para CENTRO DE INICITAIVAS PROFESIONASI SL, so aporta o contrato de traballo , na categoría de orientadora laboral, pero no aporta ningún documento que acredite que realizou a xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...).

En canto a que xestionou o espazo web participa 1420 durante un mes cando traballou para fundación CIP, ocorre ó mesmo.

Igualmente ocorre co sistema XATEEMPREGO , onde a aspirante aporta un certificado de que figura de alta como usuaria pero tampouco acredita o desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...)

Polo que procede desestimar na súa totalidade ás alegacións de dona Angela García Civeira e manter a súa puntuación.

A continuación analízase e resolverse a alegación de DONA SUSANA CARREIRA IGLESIAS;

Comeza a alegante indicando que participou no mesmo proceso noutro concello obtendo una puntuación superior, ó respecto compre salientar que o tribunal non se topa vinculado de ningún xeito pola puntuacións obtidas pola aspirante noutros procesos selectivos.

Continua a aspirante solicitando que se eleve a súa puntuación , para que alega:

Curso de experto en recursos humanos, consta de 290 horas polo que se a cada 30 horas lle corresponde 0,20 a puntuación que se lle otorgou polo mesmo no apartado de formación específica foi de 1'92.

Curso de protección de datos de 200 horas.

As bases da convocatoria dispoñen:

Formación específica (máximo 3,5 puntos) Puntuación

Máster ou cursos en materias relacionadas coas tarefas definidas para o posto ofertado. O tribunal considera que o contido do curso non se axusta o disposto polas bases e polo tanto decide non valoralo.

Curso en prevención de riscos laborais. O tribunal considera que o contido do curso non se axusta o disposto polas bases e polo tanto decide non valoralo. Ademais a aspirante unicamente aporta un certificado provisional que o tribunal considera que non é válido para acreditar a formación.

Curso de orientador laboral (200 horas) como a propia aspirante recoñece no seu escrito de reclamación/alegación so aportou coa súa solicitude de participación un certificado provisional que o tribunal considera que non é válido para acreditar a formación.

Pois o certificado aportado por esta con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación non pode ser tidos en conta por este tribunal polo seu carácter extemporáneo.

Curso de prospector Laboral de 100 horas. (So aporta certificado provisional)

En canto ó curso de facturación electrónica, este non se atopa relacionado coas tarefas definidas para o posto ofertado.

Curso online para emprendedores, primeiros pasos de 90 horas, aceptando as alegacións de dona Susana, e, tendo en conta que se atopa vinculado polo seu contido coas funcións do posto, o tribunal valóralo, conforme as bases nun 0'60 que se incrementaran á puntuación da aspirante no apartado formación específica.

Cursos de FORMADOR PARA EL EMPLEO, IMPARTICIÓN E TUTORIZACIÓN E ACCIÓNS FORMATIVAS, onde so presenta certificados provisionais.

Por outra banda, o curso XESTION E MELLORA DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS, o contido do curso non se axusta o disposto polas bases e polo tanto o tribunal decide non valoralo.

O curso de igualdade no ámbito do Recursos humanos no emprego, de 65 horas valorouse conforme as bases en 0'43 puntos.(0,20 x cada 30 horas)

Curso sobre IGUALDADE DE OPORTUNIDADES APLICACIÓN NA EMPRESA E NOS RERCURSOS HUMANOS , o tribunal considera que non versa sobre materias relacionadas co posto ofertado.

En canto os seguintes cursos, Curso alfabetización dixital para mulleres rurais (100 horas),Curso sociedade da información dirixida a mulleres profesionais, o contido dos cursos non se axusta o disposto polas bases e polo tanto o tribunal decide non valoralos

Por outra banda en canto ós cursos:

Orientación laboral y promoción de la calidade na formación profesional (100horas) .



Programación didáctica de accións formativas para o emprego (125 horas)

Selección, elaboración, adaptación e utilización de materiais, medios e recursos didácticos (125 horas)

Avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe (100 horas)

En todos eles a aspirante e so aportou coas súa solicitude de participación un certificado provisional que o tribunal considera que non é válido para acreditar a formación.

Por todo o exposto procede desestimar as alegacións / reclamación de dona Susana Carreira Iglesias a gas no elativo a valorar o curso online para emprendedores, primeiros pasos de 90 horas, ó que lle corresponde un 0'60 que se incrementara á puntuación da aspirante no apartado formación específica. Quedando a súa puntuación do xeito seguinte:

9.- CARREIRA IGLESIAS SUSANA	2'35 +0'60 : 2'95	4'75	0'60	0'42	0'25		8'97
---------------------------------------	----------------------	------	------	------	------	--	------

Por último o tribunal procede ó estudio e resolución da reclamación de dona María Elena Sántin López, quen non acadou a puntuación mínima de 3'5 esixida no currículo, como establecen as bases.

Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo:

Requisitos de titulación:

- ***Título de licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou grao.***
- ***Título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou grao.***

Requisitos de puntuación:

- ***Acadar unha puntuación mínima total no currículo de 3,5 puntos***

As bases esixen a concorrencia de dous requisitos independentes para superar a fase de baremación, pro unha parte contar con título universitario, o que si acreditou á aspirante e por outra alcanzar un mínimo de 3'5 na aplicación do baremo, requisito que non acadou a aspirante.

A aspirante entende que a súa formación como Licenciada en pedagogía é válida para ser puntuada coma formación específica, apartado no que o tribunal non lle valorou formación específica.

A licenciatura non se axusta o esixido polas bases para valorar formación específica onde so se prevé valorar *Máster ou cursos en materias relacionadas coas tarefas definidas para o posto ofertado*, polo que non procede valorar aquí a titulación de licenciada en pedagogía.

Polo exposto procede desestimar a alegación de dona María Elena Sántin López.

Segundo.- A vista do exposto no ordinal anterior procede confirmar as puntuacións de todos os aspirantes agás a de don CARLOS ARIAS GONZALEZ, que se incrementa en 0'25 unha vez comprobado que efectivamente aportara o certificado de iniciación e perfeccionamento de lingua



galega equivalente ó Celga 4, quedando a súa puntuación logo da corrección efectuada do seguinte modo:

2.- ARIAS GONZALEZ CARLOS	3'5	4'75	0'60		0'25		9'10
---------------------------------	-----	------	------	--	------	--	------

E de dona Susana Carreira Iglesias do xeito indicado "ut supra".

Terceira.- O tribunal advertiu que a solicitude de dona MARIA BEGOÑA LÓPEZ GOMEZ non constaba valorada, pois a solicitude non constaba impresa coas restantes do proceso selectivo logo da súa presentación telemática.

Advertido o erro, o tribunal procede a valorar a citada aspirante, co seguinte resultado:

ASPIRNATE	RESULTADO
MARIA BEGOÑA LÓPEZ GOMEZ	Non acada a puntuación mínima.

Cuarta.- A corrección da puntuación dun aspirante supón a modificación do resultado do proceso selectivo pois CARLOS ARIAS GONZALEZ empata na segunda posición con dúas aspirantes quedando polo tanto as puntuacións do xeito seguinte:

Aspirante	Puntuación
1º.- BAYO RODRIGUEZ AGUSTIN	9'50
2º.- ARIAS GONZALEZ CARLOS DIAZ FELPETO ANA GARCIA CIVEIRA ANGELA	9'10 * de ser necesario procederase ó desempate conforme ás bases.
3º.- SUSANA CARREIRA IGLESIAS	8'97
4º.- DIAZ CABADO OSCAR	7'21
5º.- BAYO PASTOR SILVIA MARIA	5'64
6º.- SANTIN LOPEZ MARIA ELENA	5
7º.- BLANCO RODRIGUEZ PATRICIA	4'79
8º.- CAMPOS GONZALEZ SUSANA	4'35
9º.- GONZALEZ GONZALEZ IVAN	4'14
10º.- ALVAREZ GONZALEZ RITA	3'75

Quinto.- O tribunal continua a propoñer como preseleccionado ó aspirante que acadou unha maior puntuación, don AGUSTIN BAYO RODRIGUEZ.

E DE NON SER POSIBLE A SÚA CONTRATACIÓN POR CALQUER CAUSA OS RESTANTES ASPIRANTES QUE SUPERARON O PROCESO POR ORDE DECRECENTE DE MELLOR PUNTUACIÓN.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:00 o Sr. Presidente levanta a sesión, da que como Secretaría dou fe.

O PRESIDENTE,

AS/OS VOGAIS,



A SECRETARIA

Visto e Prace
O Alcalde

Eliscu

[Handwritten signature]

